

# **UN NENO DE ALDEA**

ROTEIRO POLO VILARIÑO DOS CREGOS

# UN NENO DE ALDEA

## ROTEIRO POLO VILARIÑO DOS CREGOS

Xosé María Díaz Castro naceu en 1914 no Vilariño dos Cregos. Alí aprendeu a ler e escribir descubrindo o mundo rural que tan presente está na súa obra. A aldea ten cambiado pouco dende entón e podedes coñecela con este roteiro didáctico sobre o rural creado no IES Poeta Díaz Castro e guiado polo alumnado.

Na visita hai actividades de botánica, arquitectura popular, xogos tradicionais, escolarización, poesía, etcétera. Todas as actividades están plantexadas dende un punto de vista lúdico para que sexa unha experiencia diferente para os nosos visitantes e lles permita coñecer dende outro ángulo o mundo rurale , sobre todo, contado polos propios rapaces e rapazas que viven nel.

- CONTIDOS: Bioloxía, Historia, Matemáticas, Educación Física, Ciencias Sociais, Literatura, Música,
- CURSOS: Actividade destinada a 1º ciclo ESO
- DURACIÓN ACTIVIDADE: 2,5 horas
- INCLÚE: 6 actividades (25 min máx. en cada)
- VIAXE A VILARIÑO I/V: 40 minutos
- CAMIÑAMOS: 2 km en total dentro da aldea
- ROUPA: Calzado e roupa para camiñar, aire libre
  
- PUNTO DE ENCONTRO: [IES Poeta Díaz Castro](#)
- DESTINO: [Vilariño dos Cregos](#)
- ESPERA E XIRO DO BUS: [Buriz](#)



- 1 SOPA DE VERSOS**  
A inspiración
- 2 AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO**  
A paisaxe
- 3 O CRIME DO VILARIÑO**  
A aldea e o agro
- 4 LES OU NON LES?**  
A escola
- 5 OS XOGOS DO NENO PEPE**  
As romaxes
- D DESPEDIDA**  
Aí ven Díaz Castro!

# **EQUIPO DO ROTEIRO**

<b>ANO</b>	
<b>GUÍAS</b>	Parada 01+final : Parada 02: Parada 03: Parada 04: Parada 05:
<b>ANFITRIÓNS</b>	
<b>COMUNICACIÓN</b>	
<b>LOXÍSTICA</b>	

*\* Incluir o equipo vixente e o seu relevo que soe coincidir co cambio de ano. Reimprimirse esta folla cada curso ou cubrir a lápiz*

<b>ANO</b>	
<b>GUÍAS</b>	Parada 01+final: Parada 02: Parada 03: Parada 04: Parada 05: Parada 06
<b>ANFITRIÓNS</b>	
<b>COMUNICACIÓN</b>	
<b>LOXÍSTICA</b>	

# **PREPARATIVOS E LOXÍSTICA**

# LOXÍSTICA

1. SOLICITAR OS DATOS DA VISITA DOS QUE DISPÓN A DIRECCIÓN DO CENTRO
2. COMENTAR OS DETALLES DA VISITA COS COMPAÑEIROS E IDENTIFICAR NECESIDADES
3. PLANIFICAR HORARIOS E PARADAS
4. REPARTIR ROLES E CUBRIR VACANTES: 2 guías por parada, anfitrións, comunicación e loxística
5. COLLER MATERIAL: Corda para “tirasoga”, cordas para cadáver, libro Nimbos
6. FACER AS IMPRESIÓNS: Fichas das árbores, Rosco de despedida
7. TRALO ROTEIRO, RECOLLER TODO O MATERIAL, INCLUIDAS AS TARXETAS DOS VISITANTES
8. FACER LISTADO DE NECESIDADES DE REPOSICIÓN DE MATERIAL OU MELLORAS
9. CONTROLAR A DURACIÓN DO ROTEIRO E O CUMPLIMENTO DO HORARIO PREVISTO
10. ENTREGAR ÓS PROFESORES VISITANTES O ROSCO DE DÍAZ CASTRO PARA A VIAXE DE VOLTA
11. MANDAR ENQUISA DE SATISFACCIÓN E OUTRA DOCUMENTACIÓN (mail)

*\* Existe un protocolo de loxística detallado que debe imprimirse e seguirse en cada visita*

# COMUNICACIÓN

1. REVISAR SE O COLECTIVO QUE NOS VISITA TEN PERFÍS NAS REDES SOCIAIS
2. ANUNCIAR A VISITA ENLAZANDO AS PUBLICACIÓNS CO PERFIL DOS VISITANTES
3. PUBLICAR EN TWITTER A CHEGADA DO GRUPO Ó IES E ALGUNHA IMAXE DO ROTEIRO
4. SACAR FOTOS E VÍDEOS CURTOS EN CADA PARADA.
5. RECOPIRAR AS FOTOS QUE FIXERON OS GUÍAS VÍA WHATSAPP
6. PUBLICAR ÁLBUMES DE FOTOS NA WEB A LUS DO MUNDO E ENLAZAR A FACEBOOK
7. ESCRIBIR NOS PERFÍS DOS VISITANTES AGRADECENDO A VISITA E O ENTUSIASMO
8. EDITAR O VÍDEO DA VISITA E SUBIR A YOUTUBE
9. ENLAZAR O VÍDEO NAS REDES SOCIAIS DE A LUS DO MUNDO

*\* Existe un protocolo de comunicación detallado que debe imprimirse e seguirse en cada visita*



**PARADA 01**  
**SOPA DE VERSOS**

## **SOPA DE VERSOS. PASO A PASO**

1. CALCULAR CANTAS TARXETAS TEMOS QUE DAR PARA FACER GRUPOS EQUILIBRADOS
2. REPARTIR A SOLUCIÓN DOS VERSOS ÓS ANFITRIÓNS (*se é necesario*)
3. PRESENTACIÓN NO BUS
4. INDICARLLES QUE TEÑEN QUE IR Á CAPELA A RESOLVER O XOGO COS ANFITRIÓNS
5. REPARTIR AS TARXETAS MENTRES SAEN DO BUS ALTERNANDO CORES
6. AXUDARLLES FRONTE A CAPELA A FORMAR OS VERSOS
7. FACEMOS UN CÍRCULO E QUE CADA GRUPO DE TRES DIGA O SEU VERSO EN ALTO
8. EXPLICAMOS A CONCLUSIÓN DO XOGO E OS OBXECTIVOS DA VISITA
9. ANUNCIAMOS QUE AS CORES SON OS GRUPOS E DÁMOSLLES O MAPA
10. DESPEDÍMOLOS DÁNDOLLES A BENVIDA A ALDEA DO NENO PEPE
11. RECOLLEMOS O MATERIAL

# SOPA DE VERSOS. PRESENTACIÓN

Pode un neno de aldea ser poeta? De seguro que si e imos comprobalo. Estamos no Vilariño dos Cregos, a aldea onde naceu Xosé María Díaz Castro en 1914. Creceu aquí, onde lle chamaban “o neno Pepe”. Despois estudou en Mondoñedo e viviu en Vilagarcía e Madrid, pero sempre que podía volvía a **este mundo que lle inspirou versos** como os que están nestas tarxetas.

Cada un de vós recibirá unha tarxeta e, polo tanto, unha parte dun verso formado por tres pezas. **O xogo consiste en** atopar as dúas persoas coas tarxetas que completan o voso verso. As cores e os números son a pista que vos axudará a formalos. Por exemplo, se vos toca un amarelo 2, tedes que

1	2	3
un paso adiante,	i outro atrás,	Galiza,

atopar o amarelo 1 e 3 co que podedes formar un verso de Díaz Castro: Para facer esta **SOPA DE VERSOS** tedes que ir ata a **capela** subindo por esa estrada. Alí atoparedes un **anfitrión** de *A Lus do Mundo* para cada cor e que vos axudará a formar os versos.

## MATERIAIS NECESARIOS:

- Tarxetas cos versos para os anfitrións
- Identificadores de equipo
- Un exemplar de Nimbos
- Os 4 mapas para os grupos

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Hai 4 cores para dividir os visitantes en 4 grupos e que fagan as actividades de forma simultánea.
- Hai tarxetas para un máximo de 60 participantes. Para distribuir os grupos dividimos entre catro e poñemos os versos necesarios de cada cor para que os grupos queden compensados.
- Se hai poucos participantes é mellor facer menos grupos eliminando unha das cores para que nos xogos haxa sempre un mínimo de 8 persoas
- Se o número de participantes non é múltiplo de tres os guías da primeira parada collen o verso sobrante e únense a un dos grupos.

## SOPA DE VERSOS. RESULTADO

	<b>COMO UNHA ESPADA</b>	1	a beleza	2	fireume	3	para sempre
	<b>COMA VENTOS FUXIDOS</b>	1	coma ventos fuxidos,	2	por antigos camiños	3	esquencidos
	<b>VELEIQÚ OS HOMES</b>	1	velaquí os homes	2	de soños	3	sementados
	<b>COMA UNHA ÍNSUA</b>	1	pra te chamar,	2	ouh nai,	3	ouh insua miña!
	<b>QUEZAIS</b>	1	i esta noite baixiña	2	con mil	3	ventás acesas
	<b>BORRALLO</b>	1	por quen	2	choran	3	tódalas estrelas xa
	<b>COMA BRASAS</b>	1	poeta ou non eu	2	cantarei	3	as cousas
	<b>COMO UN ANXO AIRADO</b>	1	erte,	2	fillo,	3	como anxo airado
	<b>TRASFIGURACIÓN</b>	1	sinto ás veces	2	as horas	3	nos meus hombros
	<b>COMA BRASAS</b>	1	Galiza en mín,	2	meu Deus,	3	pan que me deron,
	<b>ESMERALDA</b>	1	herba pequerrechiña	2	que con medo	3	surrís
	<b>TERRA SUCADA</b>	1	terra sucada,	2	poema de cen versos	3	na outonía
	<b>O VERME I A ESTRELA</b>	1	a lus do mundo	2	é a que arde	3	nunha bágoa
	<b>NIMBOS</b>	1	si é que o poema	2	é so un nimbo	3	de lus
	<b>A NOITE É NECESARIA</b>	1	hai homes	2	cheos de	3	sombra
	<b>NOITE NO MUNDO</b>	1	ai ter teu alento	2	no meu rostro	3	ó fin,
	<b>REMUÍÑO</b>	1	ti, cabelos de ouro	2	e de aire, nena	3	en que ceio te vín?
	<b>AI, CAPITÁN</b>	1	eu vinte	2	contra o sol	3	nunha hora tola
	<b>POLPA DORIDA</b>	1	ei, terra verde	2	e mar	3	de orballo
	<b>PENÉLOPE</b>	1	un paso adiante	2	i outro atrás,	3	Galiza,

# SOPA DE VERSOS. CONCLUSIÓN

Os versos que formastes forman parte do **poemario Nimbos**, o único que Díaz Castro publicou en vida. Como sabedes, no 2014 dedicóuselle o Día das Letras Galegas e publicáronse outros poemas inéditos. Algúns deses versos escribiunos aquí, no Vilariño, inspirado polo mundo rural no que creceu.

Imos coñecer a súa aldea imaxinando como era hai cen anos, cando el era aínda “o neno Pepe”. Para iso ímonos dividir en grupos por cores seguindo cada grupo o itinerario que está neste mapa (*colocamos os grupos por cores e dámoslles o mapa*) En cada parada marcada no mapa haberá un guía que vos propondrá xogos e un anfitrión axudaravos en todo o percorrido.

Antes de partir o noso equipo de comunicación fará unha foto de cada grupo.

Agora si, **benvidos** á ALDEA DO NENO PEPE!

## MATERIAIS NECESARIOS:

- Un exemplar de Nimbos
- Os 4 mapas para os grupos

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Levamos o poemario de Nimbos na man para amosalo.
- Non entregamos os mapas ata o final para que estean expectantes ata o final da conclusión.



- 1 SOPA DE VERSOS**  
A inspiración
- 2 AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO**  
A paisaxe
- 3 O CRIME DO VILARIÑO**  
A aldea e o agro
- 4 LES OU NON LES?**  
A escola
- 5 OS XOGOS DO NENO PEPE**  
As romaxes
- D DESPEDIDA**  
Aí ven Díaz Castro!

	2	3	4	5	D
	5	2	3	4	D
	4	5	2	3	D
	3	4	5	2	D

**PARADA 02**  
**AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO**

# AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO. PASO A PASO

1. COLOCAR OS IDENTIFICADORES NAS ÁRBORES (*con número e follas*)
2. PRESENTACIÓN DO ESPAZO
3. PLANTEXAMENTO DO OBXECTIVO: SABER SE ESAS ÁRBORES CONVIVIRON CON DÍAZ CASTRO
4. FACEMOS 4 GRUPOS REPARTÍNDOLLES AS FICHAS DAS ÁRBORES QUE VAN IDENTIFICAR
5. REPARTIR O MAPA COA FÓRMULA E OS DATOS QUE PRECISAN PARA ENCHER A FICHA
6. EXPLICAR QUE TEÑEN QUE COLGAR A FOTO CORRESPONDENTE DE DC NAS ÁRBORES
7. ANUNCIAR QUE AO REMATAR ATOPÁMONOS TODOS NO CENTRO DA AIRA
8. ANFITRIÓNS E GUÍAS AXUDAN ÓS GRUPOS
9. OS GUÍAS AGARDAN NA AIRA (*se os grupos se apañan sos*)
10. POSTA EN COMÚN: QUE ÁRBORÉ É, CANTOS ANOS TEN E CON QUE DÍAZ CASTRO CONVIVIU
11. ESCOLLEN UNHA ÁRBORE ENTRE TODOS PARA A FOTO FINAL
12. LEMOS ESMERALDA NESA ÁRBORE E FACÉMONOS UNHA FOTO DE GRUPO NA ÁRBORE
13. RECOLLEMOS O MATERIAL



# AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO. PRESENTACIÓN

Estamos na Aira dos Coira onde Díaz Castro xogaba de neno xa que esa de ahí era a súa casa. Moitas das árbores que vedes nesta aira creceron canda el e outras foron plantadas cando xa era maior. Imos averiguar **de que época da vida de Díaz Castro** é cada unha e para iso temos que calcular a idade das árbores.

Por exemplo esta, sabedes **que árbore é?** É un teixo. É unha árbore tóxica excepto na envoltura das sementes, se non os paxaros non poderían dispersalas para facilitar a súa reprodución. Díaz Castro naceu o 19 de xaneiro de 1914 así que, **cantos anos tería hoxe? E cantos credes que ten esta árbore?**

A maneira máis exacta de saber a idade dunha árbore é contando os aneis do tronco pero teríamos que cortala e iso non lle gustaría ó neno Pepe, que era un amante da natureza. Imos empregar outro método que é medir o **contorno do tronco e aplicar a fórmula cos datos** que tedes nestas fichas.

Cada grupo identificará e calculará a idade de dúas árbores e colgará nela a foto de Díaz Castro que lle corresponda: o neno, o mozo, o adulto ou o vello. Os nosos guías axudaránvos. Cando rematedes xuntámonos na aira. *(repartimos as fichas das árbores)*


## MATERIAIS NECESARIOS:







- 4 Guías da aira plastificadas
- 4 Cintas métricas
- 4 Lapis
- 4 libretas
- 4 fichas para cubrir (imprimir)
- Fotos de Díaz Castro con cordel
- Identificadores das árbores (8)
- Calculadoras ou móbiles
- 4 poemas de Esmeralda

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Repartimos as fichas impresas con 2 árbores cada. Así creamos grupos de 2-3 persoas.
- A última parte desta presentación pode facela a guía que explique a dinámica
- Os anfitrións e os guías acompañan os grupos. Se hai suficientes alo menos un dos guías quedase no centro da Aira coas fotos de Díaz Castro que teñen que ir buscar para pendurar das ramas.
- Durante a actividade recordámoslles que teñen que ir colgando as fotos correspondentes ans árbores.

- 1 AMEIXEIRA
- 2 ACIVRO
- 3 MACEIRA
- 4 CIPRÉS
- 5 PRADAIRO
- 6 EUCALIPTO
- 7 CARBALLO
- 8 TEIXO



<b>MORFOLOXÍA DAS FOLLAS</b>	
Linear	
Acicular	
Escamiforme	
Enteira	
Serrada	
Dentada	
Lobulada	

<b>TAXA DE CRECEMENTO</b>	
Carballo	0,45 cm/ano
Teixo	0,39 cm/ano
Acivro	0,28 cm/ano
Eucalipto	0,29 cm/ano
Maceira	0,26 cm/ano
Pradairo	0,49 cm/ano
Ciprés	0,39 cm/ano
Ameixeira	0,27 cm/ano

<b>FÓRMULA</b>
$RADIO = \text{circunferencia} / (2 \times \pi)$
$IDADE = \text{radio} / \text{taxa de crecemento}$

<b>AS IDADES DE DÍAZ CASTRO</b>	
	<p>Infancia 1914-1929 <i>(entre 101-86 anos)*</i></p> <p><i>A súa vida estaba entre o Vilariño, Buriz e Vilares</i></p>
	<p>Xuventude 1929-1939 <i>(entre 86-76 anos)*</i></p> <p><i>Etapa do seminario e da Guerra Civil</i></p>
	<p>Idade adulta 1939-1983 <i>(entre 76-32 anos)*</i></p> <p><i>Traballa de mestre en Vilagarcía e tradutor en Madrid</i></p>
	<p>Vellez 1983-1990 <i>(entre 32-15 anos)*</i></p> <p><i>Xa xubilado, retorna a Guitiriz</i></p>

\* Datas calculadas no 2015



*Taxus baccata*  
teixo, teixeiro tejo

Número: 8

Perenne X Caduco

Morfoloxía: Linear

Contorno: 228 cm Idade: 93



*Prunus salicina*  
ameixeira japónica ciruelo japonés

Número: 1

Perenne Caduco X

Morfoloxía: Serrada

Contorno: 65 cm Idade: 38



*Quercus robur*  
carballo roble

Número: 6

Perenne Caduco X

Morfoloxía: Lobulada

Contorno: 76 cm Idade: 27



*Cupressus sempervirens*  
ciprés común ciprés común

Número: 4

Perenne X Caduco

Morfoloxía: Escamiforme

Contorno: 230 cm Idade: 93



*Malus domestica*  
maceira manzano

Número: 3

Perenne Caduco X

Morfoloxía: Serrada

Contorno: 89 cm Idade: 54



*Acer pseudoplatanus*  
pradairo arce, falso plátano

Número: 5

Perenne Caduco X

Morfoloxía: Lobulada

Contorno: 83 cm Idade: 27



*Eucalyptus sp.*  
eucalipto eucalipto

Número: 7

Perenne X Caduco

Morfoloxía: Linear

Contorno: 540 cm Idade: 296



*Ilex aquifolium*  
acivro, acivreira, xardón acebo

Número: 2

Perenne X Caduco

Morfoloxía: Dentada

Contorno: 17 cm Idade: 10

## DESCRIPCIÓN ÁRBORES

### *Cupressus sempervirens* (ciprés común)

Conífera que pode acadar os 30 metros de altura. A forma da copa é de aspecto compacto e estreito. As flores femininas forman pequenas piñas de cor gris verdosa de 2 a 3 cm de diámetro. As masculinas son cilíndricas de ton amarelo de entre 3 e 5 mm de longo. Cultívase extensamente como árbore ornamental. Estúdase a súa resistencia ao lume xa que un grupo de 946 cipreses, sobreviviron a un gran lume en Valencia no 2012.

### *Taxus baccata* (teixo)

Conífera que se atopa nas fragas de montaña da parte oriental de Galicia. A madeira é moi apreciada en ebanistería. Toda a planta é moi tóxica por conter o alcaloide taxina excepto na envoltura carnosa da semente para posibilitar a súa dispersión polas aves. Recentemente empregada para extraer un composto de propiedades antitumorais (taxol). É unha especie en franca regresión que precisa de urxente protección.

### *Ilex aquifolium* (acivro)

Habita en zonas sombrías de bosques caducifolios sobre solos ácidos. Máis abundante na parte oriental de Galicia onde chega a formar pequenos bosques. Utilizada como especie ornamental. Forma parte da tradición decorativa do Nadal tras substituír ao visgo, considerado pagán polo catolicismo. Follas de cor verde brillante polo feixe e verde amarelento mate polo envés, lampiñas (sen pelos), moi ríxidas e coriáceas.

### *Acer pseudoplatanus* (pradairo)

Utilízase como ornamental en paseos, estradas, parques e xardíns. Grazas á poda e á súa capacidade de unirse polas ramas crean efectos de arcos naturais cando se atopan sen follas. Habita en solos fértiles e profundos de bosques caducifolios e vales. A súa dura madeira é moi estimada.

### *Malus domestica* (maceira)

Pertence á familia das rosáceas. É unha árbore moi estendida polo seu uso ornamental e froiteiro. A súa madeira, dura e cun lixeiro brillo, é utilizada na artesanía, escultura e ebanistería de luxo. Escasa en Galicia, só aparece na parte oriental. O froito úsase na elaboración de sidra.

### *Eucalyptus sp.* (eucalipto)

Introducido en Galicia en 1860 actualmente ocupa unha ancha franxa costeira que penetra nas bacías dos ríos Miño e Sil. Cun rápido crecemento, é moi produtiva en volume de madeira e utilizada na industria papeleira. Só tolera lixeiras xeadas de ata -5 °C. Ten usos medicinais polas súas propiedades balsámicas e antisépticas, empregándose contra a bronquite e os catarros en forma de infusión ou en inhalacións.

### *Quercus robur* (carballo)

É a árbore máis típica de Galicia, a pesar de estar en franca regresión. Habita en bosques caducifolios en terreos profundos, frescos e soltos. Posúe gran valor ornamental e paisaxístico. A madeira é moi utilizada na construción naval, fabricación de travesas de ferrocarril, carpintería e ebanistería. Produce un carbón de calidade. A cortiza contén taninos de utilidade para curtir pieles.

### *Prunus salicina* (ameixeira japónica)

Da familia das rosáceas, é unha especie froiteira cultivada dende antigo. Hai dous grandes grupos: as europeas (*Prunus domestica*) e as asiáticas (*Prunus salicina*). A asiática pódese cultivar en zonas menos frías e son máis precoces. O froito consévese fresco ou desecado. O aceite da súa semente úsase como alimento.

# AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO. CONCLUSIÓN

Agora que xa identificamos tódalas árbores imos **compartir os datos** co resto de compañeiros. (*Amosamos o mapa da guía*) Que especie é e cantos anos ten a árbore número 1? E a número 2? A número 3? A número 4? A número 5? A número 6? A número 7? E a número 8?

(*Amosamos as fotos da guía*) Cales desas árbores **xa estaban aquí cando** Díaz Castro era un neno? E cando estuda no seminario? Cales se plantaron mentres vivía en Madrid e viña aquí a pasar os veráns? E cales son as máis novas que el coñeceu xa de xubilado, cando regresou a Guitiriz?

Díaz Castro amaba a natureza e de neno gustáballe identificar as plantas e animais que atopaba por estes camiños. Tamén coleccionaba niños de paxaros e seguro que era moi bo trepando as árbores. Nós non imos trepar pero si **escoller unha das árbores** para ler ESMERALDA un dos seus poemas máis famosos e facernos unha foto co Díaz Castro desa idade.

Primeiro o poema. Como sodes catro grupos podedes ler dous versos cada un. E agora a foto.

E agora si, podedes ir á seguinte parada ou se rematastes regresar á capela.

## MATERIAIS NECESARIOS:

- Fotos de Díaz Castro con cordel
- 4 poemas de Esmeralda

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Se as idades resultantes sorprenden aclaramos que as taxas de crecemento están influenciadas por moitas cousas, como a calidade do chan, a auga ou a presenza de máis árbores e que non esrte non é un método exacto.
- Imos sinalando as árbores no mapa e no lugar a medida que as identifican.
- Escollen unha das árbores para ler o poema Esmeralda entre todos e despois facemos a foto final na árbore.

## ESMERALDA

Herba pequerrechiña  
que con medo surrís  
ó sol que vai nacendo  
e morrendo sin ti,  
por que de ser pequena  
te me avergonzas ti?  
O Universo sería máis  
pequeno sin ti!





Infancia  
1914-1926



Xuventude  
1929-1939



Idade adulta  
1939-1983



Vellez  
1983-1990

# **PARADA 03**

## **O CRIME DOS SUCOS**



## O CRIME DOS SUCOS. PASO A PASO

1. COLOCAR A CORDA DO CADÁVER
2. BENVIDA E EXPLICACIÓN DO XOGO
3. SEPARAR POR GRUPOS DIVIDIDOS POLO SAN XOÁN (*24 xuño*)
4. INSISTIR EN QUE SE FIXEN POLO CAMIÑO NOS ELEMENTOS
5. CANDO REMATEN REUNIRSE DE NOVO NA AIRA
6. FORMAN A PALABRA NO CHAN REUNINDO AS LETRAS DE TODOS (SOBRARÁN LETRAS)
7. REPARTIMOS O POEMA DE PENÉLOPE E QUE O LEAN O ALTO, CADA UN UN VERSO
8. FACEMOS AS PREGUNTAS DE COMPRENSIÓN
9. RECOLLEMOS O MATERIAL

# O CRIME DOS SUCOS. PRESENTACIÓN

Hai moitos anos nesta aldea cometeuse un crime, o crime dos sucos. Sabedes o que é un suco? Exacto, un rego feito na terra para botar semente. É ademais unha palabra que Díaz Castro empregaba moito nos seus poemas. Para resolver este crime temos que **buscar pistas** en cousas que Díaz Castro mencionaba nos seus poemas e que podedes atopar na aldea.

As pistas están nos elementos de **arquitectura tradicional** que aparecen nesta guía e que tedes que atopar pola aldea. Unha vez alí tedes que razoar as preguntas sobre cada elemento e o guía que daravos unha pista.

Para facelo máis rápido imos **dividirnos por grupos**, os que naceran antes do 24 de xuño dun lado e os naceran despois doutro. Agora cada grupo ten que conseguir **4 pistas** e non pode pararse onde xa estea o outro grupo.


Na aldea hai varios exemplos de cada elemento, así que **abride ben os ollos** xa que moitas están de camiño ou incluso baixo os vosos pés. Cando teñades as catro pistas regresade á escea do crime.pistas.


## MATERIAIS

- 2 cordas para debuxar o cadáver
- Pistas (letras PENÉLOPE)
- 2 libretas e bolis
- 2 guías plastificadas da arquitectura

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Debuxar na aira o cadaver cunha corda para impresionar o grupo cando chegue.
- Os guías acompañan ós grupo para explicarlles. Poden irles facendo as preguntas e axudándolles coas respostas.





### Vivenda

Nas vivendas tradicionais galegas convivían gando e familias. Son casas feitas maioritariamente en pedra e con espazos comúns para traballos agrícolas e preparar e conservar os alimentos.




### Auga, lus e calor

O día a día na aldea marcábano as tarefas agrícolas e tamén as horas de luz. As vivendas non tiñan as mesmas comodidades e recursos que na actualidade como a auga corrente ou a electricidade.




### Traballos do campo

No pasado, as familias da aldea tiñan ó seu redor todo o necesario para abastecerse. Os alimentos, o combustible, a materia prima para as teas... todo era cultivado ou recollido no campo e no monte.




### Transportes

Para vender os excedentes de cereal ou gando, a xente das aldeas desprazábase ás feiras, tendo que camiñar durante horas pola noite. Entón, nin as distancias nin os transportes eran os mesmos.




### Aira

Espazo chairo, alisado ou cuberto con pedras para mallar o cereal, separando o gran da palla. Pode ser comunal ou dunha casa e hainos de diferentes formas.



### Palleira

Nelas conservábase herba e palla para alimentar o gando e facerlle cama nas cortes. Son de pedra e con algunhas partes de madeira. Soen estar separadas das casas.



### Alpendre

Espazo para almacenar apeiros, ferramentas, leña... Tamén para facer traballos artesanais baixo teito. Soen ter tres paredes e unha aberta con columnas.



### Hórreo

Empregábanse para gardar millo e patacas. É unha construción moi característica de Galicia con diferentes tipoloxías e tamaños, converténdose nun icono do rural.

## RESPONDE ESTAS PREGUNTAS E CONSIGUE UNHA PISTA

### VIVENDA. Localiza unha vivenda como a da imaxe

- Con que materiais está construída? Son uniformes? E a cuberta?
- Como son as fiestras? Por que cres que teñen diferente tamaño?
- Que espazos serían para o gando e traballos agrícolas?

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

### AIRA. Localiza outra aira no Vilariño

- Descríbidea: forma, tipo de material, bordos... É diferente doutra que virades?
- Teñen algunha construción preto? Por que motivo?
- En que época do ano cres que se usaban máis?

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

### AUGA, LUS E CALOR. Localiza algún elemento relacionado coa vida cotiá

- Todas as casas tiñan pozo? Se non, como conseguían a auga?
- Como quentaban a casa? Como cociñaban? Cantas horas de luz tiñan?
- Razoade tres diferenzas do voso día a día co do neno Pepe de hai 100 anos

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

### PALLEIRA. Localiza unha palleira como a da imaxe

- Descríbidea e razoade que habería dentro dela se estivésemos en 1920
- Son construcións máis ou menos importantes que os alpendres? Por que?
- Está preto ou lonxe das vivendas? Por que? Que uso tería hoxe?

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

### TRABALLOS NO CAMPO. Localiza unha ferramenta para traballar no agro

- Que ferramenta é e para que serve? Cal sería o seu equivalente actual?
- Onde credes que mercaban estas ferramentas? Serían caras?
- En que época do ano se usaban máis? Por que?

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

### ALPENDRE. Localiza un alpendre

- ¿Se estivésemos en 1920 que habería dentro deste alpendre?
- Mencionade dous traballos que farían aquí hai 100 anos. Onde se fan agora?
- Na vila hai algúns alpendres modernos, en que se diferencian deste?

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

### TRANSPORTE. Localiza algún elemento para o transporte.

- Que elemento atopastes e como funciona?
- Segue utilizándose na actualidade? Para que? Por que foi substituído?
- Canto tardastes en chegar a Gutiriz? E se viñesedes en carro?

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

### HÓRREO. Localiza un hórreo

- Fíxate ben na forma na que está construído. Como son as paredes? Por que?
- Por que é unha construción elevada? Sobre que está elevada?
- Nas aldeas, tiña todo o mundo un hórreo na súa casa?

**Agora, facédevos unha foto e recibide unha pista**

# O CRIME DOS SUCOS. CONCLUSIÓN

Cada grupo conseguiu 4 letras, **que palabra é posible formar** con todas elas? PENÉLOPE é un nome de muller e podería ser o da vítima ou o do culpable, tedes que decidilo vós. Para iso leremos o poema máis famoso de Díaz Castro e que se chama precisamente así, Penélope.

*Preguntas para axudar a darlle un significado*

- **Coñecedes o mito de Penélope?** (*É a muller de Ulises, un mito da literatura grega. Ulises é o heroe e Penélope agarda por el facendo e desfacendo unha tea para non tomar unha decisión*)
- **Quen é “Penélope” no poema?** (*Galiza que vai un paso adiante e outro atrás como Penélope tecendo*)
- **É a vítima ou a culpable?** (*É a vítima da súa propia historia*)
- **Cal sería o crime?** (*A emigración, o atraso dunha terra agraria que nunca desperta do seu sono*)

Agora que xa resolvimos o crime dos sucos podedes facervos unha **foto de grupo** e seguir co voso descubrimento do mundo rural de hai cen anos.

Se rematastes o roteiro, podedes voltar á capela.

## PENÉLOPE

UN Paso adiante i outro atrás, Galiza,  
i a tea dos teus soños non se move,  
a esperanza nos teus ollos se esperguiza.  
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos  
che estrolla o sono mol coma unha uva.  
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,  
e en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día  
a xente que levaron. Deus é o mesmo.  
Suco vai, suco vén, Xesús María!,  
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados como sono,  
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.  
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.  
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

**PARADA 04**  
**LES OU NON LES?**

## LES OU NON LES? PASO A PASO

1. COLOCAR O MATERIAL NO BANCO E ORDEAR AS TARXETAS ALTERNANDO HOME-MULLER
2. BENVIDA E EXPLICACIÓN
3. AMOSAR A FOTO DE DÍAZ CASTRO
4. INTRODUCIMOS AS PORCENTAXES
5. REPARTIMOS ROLES E DISFRACES
6. COLOCAMOS HOMES A UN LADO E MULLERES A OUTRO
7. RECORDAMOS A PORCENTAXE PARA CADA GRUPO EN 1920
8. INVITAMOS A CADA GRUPO A QUE CALCULEN CANTOS ESTARÍAN NA FOTO
9. QUE RAZONEN CAL DELES VAI Á FOTO E QUE SE POSEN DIANTE DA PORTA DE DÍAZ CASTRO
10. DIFERENZAS ENTRE FOTO DE DÍAZ CASTRO E A ACTUAL (*que se pasen a foto e a miren*)
11. ESCOLLEMOS MESTRE E CURA (*explicamos que Xosé María é Díaz Castro e que estudou para cura*)
12. FACEMOS FOTO DE GRUPO E DESPEDIMOS
13. RECOLLEMOS MATERIAL

# LES OU NON LES? PRESENTACIÓN

Sabedes de quen era esta casa? Parécevos unha casa de ricos ou de pobres? É da familia de Díaz Castro que eran labregos acomodados, con propiedades. Ademais, o pai de Díaz Castro era escribente no Concello que daquela era Parga, non Guitiriz. Así que o neno Pepe **creceu rodeado de libros**, o cal non era moi habitual naquela época.

Díaz Castro aprendeu a ler e escribir nesta casa, que foi escola durante tres anos mentres construían a escola dos Vilares, que está a vinte minutos camiñando dende aquí. Esta é unha fotografía de Díaz Castro desa época nos Vilares. Aquela era unha escola oficial pero naquela época tamén había **escolas de ferrado**, nas que se pagaba ós mestres con cereais.

Canta xente credes ía a escola naquela época ou sabía ler e escribir? (*amosamos a estatística*) Mirade estes datos de 1920 na provincia de Lugo, cando Díaz Castro tiña 6 anos. Sabían ler e escribir o 68% dos homes e o 35% das mulleres. Quen credes que ía a escola? Máis os ricos ou os pobres?

Imos calcular cantos dos que estades aquí estariades na escola, pero antes tedes que saber quen sodes. Nestas tarxetas está a vosa identidade e imos decidir cantos deberíamos estar na foto da escola. Vaivos axudar o meu compañeiro que fará de mestre (*ponse as gafas*).

## MATERIAIS:

- Tarxetas cos roles
- Disfraces
- Taboa coa foto e as porcentaxes

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Mentres un guía fai a presentación o outro conta o grupo e prepara os roles. Que sexan 50% homes e 50% mulleres. Os anfitrións tamén xogan. Cantos máis se disfracen mellor.
- O rol de Xosé María e o do Morgado (explicar que é) hai que repartilos sempre. O do mestre cólleo o guía que axuda co reparto. Ter na man a foto coas estatísticas para que eles a consulten.
- Tras repartir os roles, primeiro que razoen cantas mulleres e cantos homes do grupo estarían na foto segundo a estatística. Despois deben debatir quen de cada grupo (H/M) tería máis posibilidades de estudar polo seu rol (pobre, familia numerosa...)
- Facemos o xogo cos datos de 1920 e se dera tempo cos de 1930 para engadir xente á foto xa que estudaban máis.
- Ó final preguntamos quen falta na foto e damos o disfraz de cura a quen sexa Xosé María explicando que estudou para cura.





*Datos do INE de escolarización na provincia de Lugo	<b>HOMES</b>	<b>MULLERES</b>
<b>1910</b>	61%	21%
<b>1920</b>	68%	35%
<b>1930</b>	77%	52%
<b>1940</b>	86%	69%
<b>1950</b>	92%	80%
<b>1960</b>	93%	83%
<b>1970</b>	94%	86%
<b>1980</b>	96%	89%
<b>1990</b>	98%	95%

<b>HOME</b> Non teño pai e a miña nai traballa de criada	<b>HOME</b> Teño nove irmáns máis vellos	<b>HOME</b> A miña nai sabe ler
<b>HOME</b> Son o morgado dunha casa na que hai tres hórreos	<b>HOME</b> Non teño pais, vivo cos meus tios e os catro curmáns	<b>HOME</b> Son o máis vello e teño outro irmán, un neno
<b>HOME</b> O meu pai emigrou e manda cartos	<b>HOME</b> Son o máis pequeno de catro irmáns e estou enfermo a cotío	<b>MESTRE</b>
<b>HOME</b> Meu pai é escribinte no Concello e chámome Xosé María	<b>MULLER</b> Non teño pai e a miña nai traballa de criada	<b>MULLER</b> Teño nove irmáns máis vellos
<b>MULLER</b> A miña nai sabe ler	<b>MULLER</b> Son o morgado dunha casa na que hai tres hórreos	<b>MULLER</b> Non teño pais, vivo cos meus tios e os catro curmáns
<b>MULLER</b> Son a máis vello e teño outro irmán, un neno	<b>MULLER</b> Son a máis pequena de catro irmáns e estou enferma a cotío	<b>MULLER</b> Son a máis vella e teño outro irmán, unha nena

## LES OU NON LES? CONCLUSIÓN

Se comparamos a foto de Díaz Castro coa nosa, **que falta?** Efectivamente, **as rapazas** xa que na época de Díaz Castro recibían clase por separado. Tamén falta o crego. Naqueles anos a educación estaba controlada pola igrexa e a escola básica eran oracións, ler, escribir e facer contas.

De todos vos, **quen iría para cura?** Xosé María o fillo do escribente que é precisamente Díaz Castro (*poñémoslle o colariño de crego*). Nesa época se eras bo estudante e non valías para traballar no campo era habitual estudar para cura. Díaz Castro estivo cinco anos no seminario de Mondoñedo onde coñeceu moitos poetas e estudou idiomas.

Ó final, en vez de cura fíxose mestre e despois tradutor, ó que se adicou toda a vida xa que falaba máis de catorce idiomas. Tamén no seminario fíxose poeta, aínda que escribía versos dende a escola, como este...

A cabra tira pra o monte,  
xa o decían meus abós...  
Consellos que os abós dan  
moi sabios consellos son...

Agora, podedes voltar a ser vos mesmos e seguir o voso roteiro pola aldea. Se xa rematastes podedes voltar á capela.

**PARADA 05**  
**OS XOGOS DO NENO PEPE**

# OS XOGOS DO NENO PEPE. PRESENTACIÓN

A esta aldea chámanlle “O Vilariño dos Cregos”, porque nas tres casas que ten chegou a haber ata **nove cregos ó mesmo tempo**. Dous deles fundaron en 1792 esta capela e nela o neno Pepe axudaba á misa como monaguillo.

Naquel tempo a **vida social** e a diversión estaban moi ligadas ás romaxes e ós eventos relixiosos, algo que en Galicia aínda pasa moito. Fostes algunha vez a unha romaxe? Case todas teñen un motivo relixioso aínda que ó final sexa unha escusa para xuntarse cos amigos, xantar e bailar.

Naquel tempo os **nenos divertíanse co que tiñan**, que non era moito máis que a imaxinación, unhas pedras ou cordas. Nós preguntámoslles ós nosos avós como xogaban eles e ímoslos probar agora algúns deses xogos para ver se seguen sendo tan divertidos como cando eles eran cativos.

## MATERIAIS

- Pau para facer o limbo
- Corda coa chave de bascuas
- Xiz para pintar os campos do “tirasoga”
- Pano para a Pita Cega
- Sacos sobre os que sentar as cebolas

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Faremos tres xogos. O da Pita Cega é a alternativa ó de arrincar cebolas se chove.
- En tódolos xogos limitar moi ben o espazo, senón poden prolongarse moito
- Posibilidade de ter unha alfombra para xogar a arrincar cebolas
- Se o prado está en mal estado, facer os xogos na estrada.
- Os grupos que vaian rematando o roteiro serán mandados á capela, así que é posible ter espectadores que poden animar ó equipo que estea cos xogos.



## A CADEA

No Buriz celébrase a **romaxe do Carmio**, coñecida como *a dos quintos*. Os **quintos** son os homes que eran mandados a facer o servizo militar. Así que imos xogar a pillar en cadea. O que apanda ter que **ir pillando collido da man** dos que xa estean pillados. Cando haxa máis de catro na cadea pódese dividir e non se pode saír da zona marcada.

E quen apanda? Para ir á mili había que ter unha altura e como ós máis altos cústalles agacharse, a proba é **pasar polo limbó**. O que non pase na segunda ronda apanda.

## ARRINCAR CEBOLAS

Outra romaxe de Guitiriz é a da **Pastoriza**, na igrexa de San Alberte. A ela acudía quen tiña **problemas de fala** a beber da fonte para sanar. No seguinte xogo hai que estar ben calados. Esta romaxe faise a finais de agosto, así que vai apandar quen nacera máis preto do **20 de agosto**.

O xogo chámase *arrincar cebolas*. Poñédevos en fila cos máis altos detrás e sentádevos no chan agarrados pola cintura. Agora sodes cebolas e tedes que evitar que vos arrinquen. Tedes que estar caladas, **se falades pasades a arrincar**. Se vos levantan tamén axudades ó arrincador.

## TIRASOGA

Díaz Castro menciona nos seus poemas a **romaxe de Bascuas**. Na igrexa de Bascuas gárdase unha chave que din que ten o poder de **curar a rabia** nos animais e nas persoas. Para iso quentábase a chave e púñase na fronte dos cans ou onde a persoa fora mordida. A rabia, por certo, xa está erradicada.

Imos competir por esa **chave** co *tirasoga*. Consiste en levar a corda cada un para o seu lado. Gañará o que leve a chave por detrás da súa liña. Faremos **dous grupos**, dun lado os que teñan can e doutro os que non (*despois equilibranse*)

## PITA CEGA *(alternativa ás cebolas se chove)*

Outra romaxe de Guitiriz é a da **Pastoriza**, na igrexa de Santo Alberte. A ela acudía quen tiña **problemas de fala** a beber da fonte para sandar. No seguinte xogo hai que estar ben calados. Esta romaxe faise a finais de agosto, así que apanda quen nacese máis preto do **20 de agosto** e que será a *Pita Cega*.

Vendámoslle os ollos e rodeámola facendo un círculo moi calados. A *Pita Cega* ten que **coller a alguén e dicir quen é**. Se o identifica, cambian postos. Eu ireino mareando:

- Pita cega, que perdiches?
- Unha agulla e un dedal
- Pois dá tres voltas e as atoparás

# OS XOGOS DO NENO PEPE. CONCLUSIÓN

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- Recoller todo o material do xogo

Coñecedes **máis xogos tradicionais** á parte destes? Aquí en Gutiriz xogábase cos zancos, á petanca, ás bólas ou á mariola. Podedes preguntar na casa se eles xogaban a algún destes xogos e practicalos no voso centro. Despois se nos mandades unha foto, publicarémola.

De todas maneiras na época na que creceu Díaz Castro non todo era xogar para os nenos. Tiñan que axudar moito nos **labores do campo** e algúns deles tamén ían á escola. Descubriredes máis sobre o seu mundo nas seguintes paradas.

Se xa rematastes o roteiro agardamos a que cheguen tódolos grupos para facer a despedida (*poden agardar repetindo algún dos xogos co resto de grupos*)



**DESPEDIDA  
AÍ VEN DÍAZ CASTRO!**

# **AÍ VEN DÍAZ CASTRO! PASO A PASO**

1. INTRODUCCIÓN DA DESPEDIDA
2. COLOCÁMOLOS EN DÚAS FILAS POR GRUPOS DE CORES
3. EXPLICAMOS A PAUTA DA CANCIÓN CO EQUIPO DE A LUS DO MUNDO QUE FAN AS REPETICIÓNS
4. PROBAMOS A CANCIÓN CON ELES
5. EXPLICAMOS A RUTINA DO PASO SEN MOVERNOS DO SITIO E QUE O IMITEN
6. DAMOS A ÚLTIMA INSTRUCCIÓN: AGARRAMOS AS MANS POR ENTRE AS PERNAS
7. AVANZAMOS CARA O AUTOBÚS CANTANDO A CANCIÓN E SEGUINDO O PASO
8. NA PORTA DO AUTOBÚS LOXÍSTICA RECOLLE AS CREDENCIAIS ANTES DE QUE SUBAN

# AÍ VEN DÍAZ CASTRO! PRESENTACIÓN

Que vos pareceu a aldea do neno Pepe? Agardamos que aprenderades cousas sobre a vida do rural de hai cen anos e tamén que fose divertido. Como despedida imos cantar unha estrofa dunha das cancións que podeades atopar na nosa web [alusdomundo.com](http://alusdomundo.com)

Nesa web temos propostas didácticas, películas e cancións coma esta que compuxo a nosa profesora de música e que servirá para regresar ó autocar. Tedes que repetir tódalas frases menos a última que cambia, escoitade como o fai o equipo de *A lus do mundo*.

HAI HOMES CHEOS DE SOMBRA (*rep*) / HOMES A CONTRALUS (*rep*) / QUE (*rep*) / CHE (*rep*) / FAN VER A DEUS / COMO UN MAR DE LUS

Agora repete vós.

Pero hai que poñerlle ritmo a esta música, é así (*probamos o ritmo marcando no chan dereita-esquerda con forza*) E agora engadimos a letra (*cantamos no sitio*) Xa estamos listos para avanzar pero non vai ser tan fácil, agora temos que agacharnos e coller a man do de atrás.

Agora, sí. Comezamos no sitio e cando teñamos o ritmo imos aló!

## NOTAS DA ACTIVIDADE:

- A posición final para camiñar é a mesma que a do xogo de “Aí ven mamá pato!”
- O ritmo dos pés de esquerda-dereita clásico, tipo militar
- Se a canción remata antes de que cheguemos ó autobús repetímola
- Na porta do bus agarda un equipo de loxística que recolle as tarxetas dos versos dos visitantes
- Entrégaselle a un dos profesores visitantes o ROSCO de Díaz Castro para facer polo camiño, ou facémolo con eles se compartimos autobús.


## A NOITE É NECESARIA

Hai homes cheos de sombra,  
homes a contralús  
que che fan ver a Deus  
coma unha mar de lus.

A Noite é necesaria  
pra que ti poidas ver  
sobre o medo i o mal  
as estrelas arder.

# O ROSCO DE DÍAZ CASTRO

- Contén o A** O pobo onde naceu Díaz Castro
- Contén o B** Título do poemario máis famoso de Díaz Castro
- Comeza por C** Circunferencia medida para calcular a idade dunha árbore
- Contén o D** Aparello agrícola para labrar a terra
- Contén o E** Muller que agarda tecendo
- Comeza por F** Medida e tamén o nome das escolas nas que se pagaba con gran
- Contén o G** Xogo no que se arrastra ó contrario ó noso campo cunha corda
- Comeza por H** Construcción elevada para gardar o millo
- Contén o I** Lugar chan preto das casas onde se mallan os cereais
- Comeza por L** A folla do carballo ten esa morfoloxía
- Comeza por M** O herdeiro que quedaba coa maior parte das propiedades
- Comeza por N** O número de curas que chegou a haber no Vilariño
- Contén o Ñ** Díaz Castro estudou no seminario dese pobo
- Contén o O** Os que están cheos de sombra
- Contén o P** Palabra que remata este verso: a beleza fireume para...
- Comeza por Q** Persoas reclutadas para ir ó servizo militar
- Contén o R** Transporte que avanza ó ritmo dunha persoa camiñando
- Comeza por S** Fenda que se fai na terra co arado
- Comeza por T** Porcentaxe de mulleres escolarizadas en 1920 na provincia de Lugo
- Comeza por U** Número de libros que Díaz Castro publicou en vida
- Comeza por V** Época do ano na que a aira empregábase máis
- Contén o X** Árbore tóxica excepto nas súas sementes
- Contén o Z** Protagonista do poema Penélope



# **CARTA DE BALANCE**

# UN NENO DE ALDEA

## ROTEIRO POLO VILARIÑO DOS CREGOS

Primeiramente, grazas por vires e participar con tanto entusiasmo das actividades do noso roteiro. Ademais do ROSCO DE DÍAZ CASTRO que vos entregamos para fixar coñecementos, podedes visitar a web [alusdomundo.com](http://alusdomundo.com) e revivir esta xornada co [roteiro interactivo do Vilariño](#).

Nesa web atoparedes propostas didácticas para este roteiro e que poden facerse en calquer zona rural. Tamén vos invitamos, se non o fixestes xa, a ver os nosos documentais, película e músicas sobre Díaz Castro. Está todo na web!

Por último, recordarvos que as imaxes da visita estarán á vosa disposición no apartado de novidades e no [Facebook](#). Agardamos que a experiencia fose boa e por suposto, calquer suxerencia de mellora será máis ben que benvida.

Vémonos na próxima!

### **SOPA DE VERSOS**

[Actividades de Lingua](#)

[Actividades de Literatura](#)

### **AS ÁRBORES DE DÍAZ CASTRO**

[Unidade didáctica](#)

[Outras actividades de Bioloxía](#)

### **O CRIME DO VILARIÑO**

[Unidade didáctica](#)

[Outras actividades de Historia](#)

### **LES OU NON LES?**

[Unidade didáctica](#)

[Outras actividades de Matemáticas](#)

### **OS XOGOS DO NENO PEPE**

[Actividade](#)

### **AÍ VEN DÍAZ CASTRO!**

[A poesía é música](#)

# **UN NENO DE ALDEA**

ROTEIRO POLO VILARIÑO DOS CREGOS

*Un proxecto do IES Poeta Díaz Castro*